

CULTURA

Unha web italiana inclúe varias novelas galegas na súa escolma de literatura europea

O portal Vitrina Letteraria destaca obras de Xosé Monteagudo, Francisco Castro, Anxos Sumai, María Reimóndez e Eva Moreda para animar as editoriais italianas a traducilas

A través da web www.insulaeuropea.eu/ un grupo de estudosos de diversas literaturas europeas coordinado polo profesor de Filoloxía Románica da Universidade de Perugia Carlo Pulsoni propoñen diferentes títulos coa finalidade de que as editoriais italianas se animen a traducilos, segundo adianta a editorial Galaxia na súa web. Unha das literaturas con máis presenza é xustamente a galega coas novelas Un tipo listo, de Xosé Monteagudo; A Veiga é un tempo distinto, de Eva Moreda; Pirata, de María Reimóndez; Así nacen as baleas, de Anxos Sumai, e Spam, de Francisco Castro.

Este espazo virtual pretende ser un punto de encontro para novos investigadores interesados en aspectos culturais (históricos, filolóxicos e literarios) europeos. Ademais da función informativa e integradora, cómpre destacar a iniciativa da Vitrina letteraria que incorpora títulos de obras croatas, checas, portuguesas, romanesas, francesas, holandesas, alemás, españolas, inglesas e tamén galegas. Unha vez que estamos na web, premendo en cada unha das propostas aparece a portada do libro, unha recensión do contido, a lingua orixinal, a editorial e o contacto da persoa que facilita a información. Deste xeito as editoriais italianas, que doutro xeito terían dificultades para coñecer algunhas obras estranxeiras, sobre todo aquelas procedentes de sistemas literarios minorizados, atopan suxestións avaladas por especialistas e un contacto ao que dirixirse para demandar máis información. A actualización da sección será constante por parte destes expertos de distintas nacionalidades que, no caso de que as editoriais así o soliciten, poderían incluso ofrecer fragmentos traducidos das obras requiridas.

FOTOSdelanoticia

Pulse encima de las fotografías para ampliarlas



O escritor Francisco Castro /SONIA DAPONTE



María Reimóndez, na Real Academia Galega